

ACTA N 2019/35
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
22 DE AGOSTO DE 2019.-

ÍNDICE DE PUNTOS

| | |
|--|----|
| PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-..... | 2 |
| PUNTO SEGUNDO.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DP MERCUTO A FOLGUEIRA (AMEIXENDA) INCLUÍDAS NO POS 2019..... | 2 |
| PUNTO TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA..... | 3 |
| PUNTO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO COMEDOR NO CEIP A MAÍA EN BERTAMIRÁNS. 5 | 5 |
| PUNTO QUINTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES..... | 7 |
| PUNTO SEXTO.- 3ª CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A RENOVACIÓN DO ALUMEADO PUBLICO EN VARIOS LUGARES: OCA E OUTROS..... | 11 |

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE AGOSTO DE 2019.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as catorce horas (14:00 h) do día vinte e dous (22) de agosto de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de segunda convocatoria, por falta de quórum na primeira, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde Luísa Feijóo Montero e Natividad de Jesús González Rodríguez.

Non asisten pero xustifican a súa ausencia os concelleiros/as Genma Otero Uhía, Blas García Piñeiro, David Santomil Mosquera e Ana Belén Paz García.

Asiste como interventor accidental o funcionario Emilio Garrido Moreira.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, ordinaria, do 14 de agosto de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DP MERCUTO A FOLGUEIRA (AMEIXENDA) INCLUÍDAS NO POS 2019.

Expediente: 2019/C003/000017

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 8 de agosto de 2019 acordou no punto noveno da orde do día a aprobación do expediente de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, das obras de pavimentación de camiño DP Mercuto a Folgueira (Ameixenda), incluídas no POS 2019.

Detectado un erro material na redacción do dito acordo, consistente na desagregación incorrecta dos importes por conceptos (base imponible e IVE) do importe total consignada do contrato (42.921,27.- euros), cómpre corrixir o punto segundo do acordo, consignando os importes correctos seguintes: **35.472,12.- euros**, máis IVE (21%) **7.449,15.- euros**, o que fai un total de 42.921,27.- euros.

Visto o que antecede, e aos efectos de subsanar o devandito erro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar o punto 1º do acordo de aprobación do expediente de licitación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, das obras de pavimentación de camiño DP Mercuto a Folgueira (Ameixenda), expediente: 2019/C003/000017, adoptado pola Xunta de Goberno na data do 8 de agosto de 2019, de xeito que:

Onde dí: “Aprobar o gasto correspondente por importe de 33.907,81 euros máis IVE (21%) 9.013,46.- euros, o que fai un total de 42.921,27.- euros, con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 do vixente orzamento municipal 2019”.

Debe decir: “Aprobar o gasto correspondente por importe de **35.472,12.- euros** máis IVE (21%)

7.449,15.- euros, o que fai un total de 42.921,27.- euros ,con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 do vixente orzamento municipal 2019”.

Segundo.- Facultar ó señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA.

Expediente: 2019/U022/000005

Dáse con data solicitude de licenza de obra presentada por



Figura proxecto básico de [redacted], redactado polos arquitectos José Luis Recuna Cuiña (colexiado 1195) e José María Fernández Dapena (colexiado 2074). Figura ademais, entre outros, escritura de compraventa.

As cesións para ampliación de viais, conforme ao indicado no informe técnico, xa se atopan efectuadas e aceptadas segundo o previsto no expediente 2017/U018/000023

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén a conformidade da Tesouraría Municipal ás consideracións tributarias deste expediente.

Cualificación do solo polo PXOM: núcleo rural disperso.

Situación: [redacted]

Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: [redacted]

Presuposto de execución material: 222.689,08 euros.

Nome ou razón social do promotor: Alberto Antelo Domínguez co NIF núm. 33284163-N.

Técnicos autores do proxecto: José Luis Recuna Cuiña (colexiado 1195) e José María Fernández Dapena (colexiado 2074).



En aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, efectuouse un ingreso por un importe de 456,85 euros, segundo o seguinte detalle:

| | | |
|--|-----------------------|-----------------|
| 200,00 m ² | 0,33 €/m ² | 66,00 € |
| 162,55 m ² | 1,61 €/m ² | 261,71 € |
| Expedición e subministro do cartel de obra | | 129,14 € |
| TAXAS ABOADAS (14/01/2019) | | 456,85 € |

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED]

resultante da parcelación para a que se concedeu licenza o 28 de decembro de 2017 -

[REDACTED] segundo o proxecto redactado polos arquitectos José Luis Recuna Cuíña (colexiado 1195) e José María Fernández Dapena (colexiado 2074), e informe suscrito pola arquitecta municipal.

Segundo.- A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

As sinaladas no informe suscrito pola arquitecta municipal :

-Establécese un aval a presentar antes do inicio das obras, garante da reposición de danos na vía, conexión a servizos e correcta execución do fronte, por importe de 1.300 euros.

-Antes do inicio da obras aportará o proxecto de execución visado que incorpore estudo de seguridade e saúde e certificación enerxética así coma os oficios de dirección, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde e plano de emprazamento xeorreferenciado en formato dwg, dxf ou similar.

-Conectará cos servizos existentes no fronte da finca en cumprimento do establecido na lei do solo vixente; e manterá e acondicionará a ampliación de vía para o uso público chegando á cota da calzada, canalizando a cuneta no fronte e dispoñendo canle para o paso das augas de escorrenta da cuneta baixo firme, no seu caso, cun pavimento que contará cunha solución de previsible boa resistencia no tempo que non dificulte mantemento evitando grava solta para tránsito de vehículos.

-Recuarán os postes e liñas aéreas da superficie de cesión, no seu caso, e reporá elementos deteriorados.

-O proxecto de execución preverá o cumprimento do CTE DB-HE4 e no caso de tratarse de aerotermia a ubicación/ocultación da unidade exterior de instalacións de aerotermia garantindo a integración ambiental

-Non se alterará a rasante natural do terreo nos lindes da parcela de xeito que condicionen as condicións de execución do peche do colindante.

-Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello, novo facultativo director da obra.

-Disporá, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.

-Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

-Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

-Lémbrese a obriga de obter a procedente autorización sectorial para execución de pozos e fosas sépticas.

As sinaladas no informe da asesora xurídica:

-Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder á vía pública, así como que a citada vía quede limpa.

-Lémbrese a obriga legal de instar no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra (expediente: 2019/U022/000005).

Terceiro.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de catro mil catrocentos cincuenta e tres euros con setenta e oito céntimos de euro (4.453,78 €), de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de execución material segundo o proxecto: 222.689,08 €

Liquidación provisoria (2%): 4.453,78 €

Quinto.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO COMEDOR NO CEIP A MAÍA EN BERTAMIRÁNS.

Expediente : 2019/C003/000002

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 24 de maio de 2019 aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación (factor prezo) e tramitación ordinaria, das obras de construción do novo comedor do CEIP A Maía, convocando á súa licitación, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Oscar Pidre Mosquera (colexiado 3964), cun orzamento de execución por contrata de 454.580,82 euros.

Con data 19 de agosto de 2019, reúnese a Mesa de Contratación para a valoración das ofertas presentadas polos licitadores, dando lugar á clasificación por orde decrecente dos licitadores.

Na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou propoñer ao órgano de contratación a exclusión da empresa **GROMA OBRAS S.L.**, con NIF:B70484811, por non xustificar a súa oferta considerada como temeraria.

En base ó anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do procedemento de licitación das obras de construción do novo comedor do CEIP A Maía, á empresa **GROMA OBRAS S.L.** , NIF:**B70484811** por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

Segundo.- Clasificar, por orde decrecente de puntuación, ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, de construción dun novo comedor no CEIP A Maía en Bertamirás, coa seguinte orde:

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA CON IVE (EUROS) | PUNTOS |
|---|----------------------------------|--------|
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA | 389.575,76 | 66,73 |
| CICRÓN CONSTRUCCIONES SA | 409.115,39 | 46,67 |
| INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL | 429.619,63 | 25,62 |
| 2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL | 435.600,00 | 19,51 |
| ALVAC GALICIA SL | 436.155,06 | 18,90 |

| | | |
|---|------------|-------|
| ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL | 440.519,86 | 14,42 |
| CYS HISPANIA SL | 448.831,87 | 5,88 |
| UTE EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL-PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL | 453.820,14 | 0,79 |
| CONSTRUCCIONES Y VIALES KÚPULA SL | 454.580,82 | 0,00 |

Terceiro.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA**, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Cuarto.- Prezo:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de trescentos vinte e un mil novecentos sesenta e tres euros e corenta e catro céntimos de euro **(321.963,44.- €)**.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende ao importe de sesenta e sete mil seiscentos doce euros e trinta e dous céntimos de euro **(67.612,32.- €)**

Quinto.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de 4 meses, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Sexto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sétimo.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Oitavo.- No prazo de **sete días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a seguinte documentación:

a) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

b) Xustificación da solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

c) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

d) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP unha garantía definitiva por un importe de 16.098,17 € segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

e) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir a execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Número de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberan describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- Non entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

Nota: Non será necesario acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e materiais establecidos no anexo V no caso de que o contratista dispoña da clasificación establecida no apartado 8 do anexo I do presente prego.

f) Índice de documentos presentados

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Noveno.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES

LOTE 1: SUBMINISTRO DE GASÓLEO “A” PARA VEHÍCULOS

LOTE 2: SUBMINISTRO DE GASOLINA 95 SEN CHUMBO

LOTE 5: SUBMINISTRO DE GLP PARA VEHÍCULOS

Expediente:2019/C005/000002.

En sesión de Xunta de Goberno Local do 3 de maio de 2019 foi aprobado o expediente de licitación, mediante procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo) e división en lotes, do subministro de combustible (gasóleo A, gasóleo C, gasolina 95 sen plomo, pellets de madeira, gas licuado do petróleo e bombonas de propano) para o Concello de Ames.

En Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2019, acordouse a clasificación e requirimento de presentación de documentación aos licitadores clasificados en primeiro lugar no **Lote 3** (Subministro de gasóleo C para calefacción) e **Lote 4** (Subministro de pellets de madeira).

Na mesma data, a Xunta de Goberno acorda a declaración de **deserto do Lote 6** (Subministro de bombonas de propano de 35 kg).

En relación aos lotes 1, 2, e 5, que foron examinados pola Mesa de Contratación na súa reunión

do 24 de xullo de 2019, soamente presenta oferta unha única licitadora, Estación de Servizo Lapido S.A.

En base ó anterior, e ó conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orde decrecente de puntuación ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, concretamente nos **Lotes 1 ,2 e 5:** subministro de combustibles de gasóleo A, gasolina 95 sen chumbo e gas licuado do petróleo para vehículos, coa seguinte orde:

LOTE 1: SUBMINISTRO DE GASÓLEO A PARA VEHÍCULOS

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA-% de desconto sobre os prezos medios de carburantes e combustibles | PUNTOS > 100 |
|-----------------------------------|---|--------------|
| ESTACIÓN DE SERVICIO DE LAPIDO SL | 7,500 % de desconto | 100 |

LOTE 2: SUBMINISTRO DE GASOLINA 95 SEN CHUMBO

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA- % de desconto sobre os prezos medios de carburante e combustibles | PUNTOS > 100 |
|-----------------------------------|---|--------------|
| ESTACIÓN DE SERVICIO DE LAPIDO SL | 5,000 % | 100 |

LOTE 5: SUBMINISTRO DE GLP PARA VEHÍCULOS

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA- % de desconto sobre o prezo medio para España | PUNTOS > 100 |
|-----------------------------------|---|--------------|
| ESTACIÓN DE SERVICIO DE LAPIDO SL | 5,000 % | 100 |

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **ESTACIÓN DE SERVICIO LAPIDO, SL** (para os tres lotes) con **CIF B-15609357**, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Terceiro.- Prezo:

Prezo Lote 1: O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo:

Para o Gasóleo A unha % do 7,500 % de desconto sobre os prezos medios de carburantes e combustibles da provincia da Coruña do mes correspondente publicados na páxina do Ministerio de Transición Ecolóxica ou organismo que o substitúa, de venda ó público, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

Prezo Lote 2: O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo:

Para gasolina sen chumbo 95 unha % do 5,000 % de desconto sobre os prezos medios de carburantes e combustibles da provincia da Coruña do mes correspondente publicados na páxina do Ministerio de Transición Ecolóxica ou organismo que o substitúa, de venda ó público, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

Prezo Lote 5: O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo:

Para subministro de GLP para vehículos unha % do 5,000 % de desconto sobre os prezos medios para España para combustibles alternativos que se publican mensualmente, na actualidade, na páxina web do Ministerio de Transición Ecolóxica, de venda ó público, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

Cuarto.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato para os tres lotes adxudicados, subministro de combustibles de gasóleo A, gasolina 95 sen chumbo e gas licuado do petróleo para vehículos será de 2 anos, a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato será prorrogable 1 ano + 1 por mutuo acordo das partes, debendo solicitarse polo adxudicatario do subministro cunha antelación de 2 meses antes da finalización do contrato ou da prórroga xa formalizada no seu caso.

Quinto.- Resto de condicións.

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Sétimo.- No prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a seguinte documentación:

1º. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade. Se a empresa fose persoa xurídica a personalidade acreditarase mediante a presentación da escritura de constitución ou modificación, e no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa exixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se dito requisito non fora exixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial. Si se trata dun empresario individual a mesa de contratación comprobará a identidade do licitador e a súa capacidade para realizar o obxecto do contrato.

2º. Documentos que acrediten, no seu caso, a representación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán poder bastante ó efecto, previamente bastanteadado pola Secretaría Municipal do Concello de Ames. Se a empresa fora persoa xurídica o poder deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. Si se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo con artigo 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

3º. Solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional. Acreditación da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e no presente prego (Anexo III).

Nas Unións Temporais de Empresarios, a efectos de determinación da súa solvencia, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

A acreditación da solvencia mediante medios externos exixirá demostrar que para a execución do contrato dispón efectivamente deses medios mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso de disposición.

O órgano de contratación poderá prohibir, facendo constar que un mesmo empresario poida concorrer para completar a solvencia de máis dun licitador.

O licitador executará o contrato cos mesmos medios que aportou para acreditar a súa solvencia. Só poderá substituílos, por causas imprevisibles, por outros medios que acrediten solvencia equivalente e coa correspondente autorización da Administración.

4º. Cumprimento das normas de garantía de calidade e de xestión medioambiental. Se así se prevé no Anexo VIII (condicións especiais de execución do contrato) o licitador deberá aportar os certificados alí indicados, que operarán como criterio de solvencia a acreditar incluso cando se aporte o certificado acreditativo da clasificación.

5º. Habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación obxecto do contrato.

Se resulta legalmente exigible como condición de aptitude para contratar, deberá aportarse a documentación que acredite a correspondente habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación que constitúa o obxecto do presente contrato.

Se o contrato está reservado, conforme ó apartado C do cadro – resumo de características, deberá aportar o certificado oficial que acredite a súa condición como centro especial de emprego, empresa de inserción social, ou acreditar as condicións de organización cualificada, de acordo coa Disposición Adicional Cuadraxésima Oitava LCSP.

6º. Certificados acreditativos de atoparse ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social.

7º. Cando se exerzan actividades suxeitas ó Imposto sobre Actividades Económicas: Alta, referida ó exercicio corrente, ó último recibo, xunto cunha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

8º. Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios que, no seu caso, se houberen comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato. (Cando así se sinale no apartado P do cadro – resumo do cadro de características.)

9º. Constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

Documento acreditativo de ter constituída, en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP, unha garantía definitiva, para cada lote, por un importe de:

LOTE 1 de 4.200,00 €

LOTE 2 de 185,95 € e

LOTE 5 de 120,00 €

segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación, correspondente ó 5% do prezo base de licitación dos LOTES 1-2 e 5, excluído o imposto sobre o valor engadido, segundo o especificado no apartado N do cadro resumo da licitación.

10º. Documentación acreditativa da subcontratación con aquelas empresas coas que o adxudicatario teña previsto subcontratar, de acordo co apartado Q do cadro-resumo. Terá que aportar segundo corresponda, unha declaración ns que indique a parte do contrato que vai a subcontratar, sinalando o importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas ós que vaia a encomendar a súa realización, asinada por ambas partes xunto co resto de documentación que se solicite pola Administración.

11º. Gastos de publicidade

12º Seguro de Responsabilidade Civil, se procede, conforme ó apartado T do cadro resumo.

Copia, ou documento acreditativo, da Póliza de Responsabilidade Civil subscrita pola contía mínima, ou igual, ó valor estimado dos Lotes 1-2 e 5, segundo se especifica nos pregos PCAP, así como recibo acreditativo de atoparse ó corrente de pago da mesma, correspondéndose, cada lote, coas seguintes cantidades:

LOTE 1: 207.900,00 €

LOTE 2: 9.204,53 €

LOTE 5: 5.940,00 €

13º. Calquera outra documentación establecida no Cadro Anexo de Características ou no Prego de Prescricións Técnicas, atendendo ó obxecto do contrato.

Verificación da documentación aportada:

A Mesa de Contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita

documentalmente o cumprimento dos requisitos de participación exixidos, valéndose para elo, si fose necesario, do asesoramento do persoal técnico do propio Concello ou dos asesores externos que considere axeitados.

g) Índice de documentos presentados

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder á adxudicación do contrato ó licitador clasificado en primeiro lugar.

Oitavo.- Facultar ó señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO.- 3ª CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN VARIOS LUGARES: OCA E OUTROS.

Expediente: 2018/C005/000007.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de decembro de 2018 aprobou expediente de licitación de subministro de equipos para a renovación do alumeado público en varios lugares : Oca e outros.

Tivo lugar unha primeira clasificación de ofertas en Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2019 resultando clasificada en primeiro lugar, ALGAMAR SL. Non obstante, a Xunta de Goberno Local do 4 de abril de 2019 acordou a exclusión de ALGAMAR SL porque non achegou a documentación xustificativa de que as luminarias ofertadas cumprían os requisitos dos pregos de licitación.

Con data 12 de abril de 2019, ALGAMAR SL presenta recurso de reposición contra o acordo de exclusión. Pola Secretaría Municipal emítese informe propoñendo a estimación do recurso de reposición presentado xa que o requirimento de achegar a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos técnicos non foi realizada a través do sistema de notificación electrónica prevista nos pregos de licitación.

Á vista do informado, a Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de maio de 2019 adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Admitir a trámite o recurso de reposición interposto por Algamar 2012, SL contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 4 de abril 2019 relativo á exclusión do procedemento de licitación de subministro de equipos para a renovación do alumeado público en varios lugares: Oca e Outros, á empresa Algamar 2012, SL.

Segundo.- Dar traslado do recurso de reposición presentado aos licitadores no expediente de licitación antes indicado a fin de que no prazo de 10 días hábiles formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes na defensa do seus intereses.

Terceiro.- Acordar a suspensión do expediente de licitación, ao amparo do art. 117 LPAP, ata a resolución do recurso de reposición.

Notificado o acordo de Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2019 aos licitadores no expediente non consta ningunha alegación no prazo de 10 días conferido, en aplicación do artigo 118.2 LPAP.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de xuño de 2019, estimou o recurso de reposición, anulando tamén o acordo adoptado relativo á segunda clasificación de ofertas,

retrotraendo o expediente ao momento procedimental no que o órgano de contratación debe requirir á empresa ALGAMAR 2012 SL a achega da documentación técnica xustificativa de que as luminarias ofertadas cumpren cos requirimentos técnicos dos pregos de licitación.

Con data 29 de xullo de 2019 requiríuselle a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica-gal), con número de rexistro de saída 20190000004845, a ALGAMAR 2012 SL, que achegara a documentación xustificativa de que as luminarias ofertadas no expediente de licitación do subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares: Oca e Outros, cumprían cos requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas.

Transcorrido o tempo concedido, á empresa ALGAMAR 2012 SL non presentou a documentación requirida.

A vista de todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- A exclusión do procedemento de licitación de subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares : Oca e outros, á empresa ALGAMAR 2012 SL, clasificada en primeiro lugar, por non presentar a documentación xustificativa técnica, que lle foi requirida a través do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica-gal), con número de rexistro de saída 20190000004845, ós efectos de acreditar que a luminaria ofertada, coincidía na súa totalidade coas características técnicas esixidas nos pregos de prescricións técnicas, que serviron de base para a licitación do subministro.

Segundo.- Clasificar, por orden decrecente de puntuación, (3ª clasificación), ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, unha vez excluída ALGAMAR 2012 SL, coa seguinte orde decrecente:

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA CON IVE | OFERTA DESPROPORCIONADA | PUNTOS |
|------------------------------------|--------------------------|-------------------------|--------|
| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, SL | 26.741,00 | NON | 88 |
| FUSIONA SOLUCIONES ENERGETICAS, SA | 27.116,27 | NON | 86 |

Terceiro.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o novo clasificado en primeiro lugar, **ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, SL** con CIF B-36380384, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

PREZO:

O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e dous mil cen euros (**22.100,00 €**).

IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de catro mil seiscentos corenta e un euros (**4.641,00 €**)

Duración do contrato e prazo de execución: A duración inicial e prazo de execución do contrato será de **15 días naturais**, a partir do día seguinte ao da aceptación por parte do contratista da resolución de adxudicación.

Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Quinto.- No prazo de sete días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, o licitador proposto presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a seguinte documentación:

a) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

b) Garantía definitiva: Non se esixe.

c) Acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución do contrato establecidas no anexo IV do prego de cláusulas administrativas, do xeito que no mesmo se indica.

d) Con carácter previo á adxudicación e, coa fin de garantir a calidade técnica do subministro ofertado, seralle solicitado (como tamén se fixo coa empresa ALGAMAR 2012 SL), acreditación de que o subministro cumpre cos requirimentos previstos nos pregos de prescricións técnicas que serviron de base á licitación.

Sexto: De non presentarse a citada documentación no prazo conferido, non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Sétimo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas e dez minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo